

INFORME-PROPOSTA

Recibidas oralmente do concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación as instrucións para abrir un novo o prazo entre os días 20 e 24 de setembro de 2016, ámbolos dous incluídos, para a presentación de solicitudes para o programa educativo ARTEllando 2016 á vista das prazas vacantes, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 55 da Lei 30/92.

Por resolución da concellería delegada da Área de Cultura e Educación do día 29/08/2016 aprobaronse as **BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL ARTEllando NO MARCO DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS MUNICIPAIS 2016-2017** que ofertaba os obradoiros de FOTOGRAFÍA, TEATRO, COCIÑA FRÍA, FERROLnaturalmente!, XIMNASIA RÍTMICA e BAILE MODERNO os venres pola tarde entre o 7 de outubro e o 25 de novembro, ámbolos dous incluídos, para o alumnado de 1º a 6º de E. Primaria, agás a actividade de FERROLnaturalmente! os sábados dos ditos meses, para o alumando de 4º, 5º e 6º de primaria dos centros educativos públicos e concertados da cidade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado día 15 dos correntes e resultando que quedaron prazas vacantes en varios obradoiros, esta xefatura de negociado non tendo nada que opoñer propón á concellería delegada da Área de Cultura e Educación a aprobación da convocatoria dun novo prazo entre os días 20 e 24 de setembro de 2016, ámbolos dous incluídos, para a presentación de solicitudes para o programa educativo ARTEllando 2016 nos obradoiros que se relacionan de seguido nos que quedaron prazas vacantes, rexendo en todo o demais as bases aprobadaso 29/08/2016:

OBRADOIROS	LUGAR DE CELEBRACIÓN	ALUMNADO DESTINATARIO	Nº MAX. DE PRAZAS POR ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO
Fotografía	Nas rúas de Ferrol e na sala de ordenadores da Biblioteca municipal central	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (12/grupo)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupo 1: 16:30 a 18:00 Grupo 2: 18:00 a 19:30
Cociña fría	Centro Torrente Ballester	1º,2º,3º,4º,5ºe 6º E.Primaria	24 (12/grupo)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupo 2: 18:30 a 20:00
FERROL,	Polas parroquias	4º,5ºe 6º		Sábados:	Grupo

COMPROBADO E CONFORME
 FUNCIONARIA



NATURALmente!	do Concello de Ferrol e no Museo da Natureza	E.Primaria	24 (1 grupo)	Outubro (8,15,22 e 29) Novembro (5,12,19 e 26)	único: 10:00 a 13:00
Ximnasia Rítmica	CEIP Juan de Lángara	1º,2º,3º,4º,5º e 6º E.Primaria	24 (2 grupos)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupos 1 e 2: 16:00 a 17:30
Baile Moderno	CEIP Juan de Lángara	1º,2º,3º,4º,5º e 6º E.Primaria	24 (2 grupos)	Venres: Outubro (7,14, 21 e 28) Novembro (4,11,18 e 25)	Grupos 1 e 2: 17:30 a 19:00

Ferrol, 19 de agosto de 2016

A xefa do negociado

N. P. R. R. R.

Decreto.- Vista a proposta precedente apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, na casa do concello o dezanove de agosto de dous mil dezaseis.

O concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación,
(PD da Alcaldía de data 16/06/2016)
(BOP do 28/06/2016)

Ante min

O Secretario Xeral

Jesús Basterrechea López

 Jesús Basterrechea López

[Handwritten signature]


COMPROBADO E CORREXIDA
 FEIURET 2016